

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018461	IES República Oriental do Uruguai	Vigo	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	6
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	7
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	9
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	11
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	12
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	14
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	17
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	18
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	18
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	20
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	20
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	22
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	23
o) Outros apartados	25

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O artigo 7 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que esta etapa educativa contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan alcanzar unha serie de obxectivos que a continuación pasamos a concretar para o I.E.S. República Oriental do Uruguai

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

1. Facilitar o coñecemento dos distintos órganos de participación que existen no instituto, os procedementos para formar parte deles e o papel que a normativa e as NOFC lles atribúe, en especial na relación coa garantía para o exercicio de dereitos e deberes.

2. Facilitar a Participación do alumnado e das familias, nos órganos de representación que se establezan no instituto, de acordo coa normativa vixente e as NOFC.

3. Coñecer as normas establecidas no Plan de Convivencia e nas NOFC.

4. Promover a mellora das relacións entre as persoas que formamos parte da comunidade educativa.

5. Promover a participación activa do alumnado e das familias nos procesos de definición ou de revisión dos documentos institucionais do centro.

6. Educar para a igualdade, entendida como a posibilidade de que cada persoa se forme de acordo cos seus intereses e desenvolvendo as súas capacidades, independentemente da súa cultura, raza, sexo, relixión, etc., implementando estratexias que permitan atender a toda a diversidade do alumnado, e xerando o clima adecuado para a educación intercultural.

7. Mostrar o respecto e a consideración debidos a todos os membros da comunidade educativa.

- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

1. Desenvolver estratexias pedagóxicas que faciliten a adquisición de hábitos de estudo, de compromiso coas normas, de sentido da obrigaion e do compromiso cun mesmo e cos demais.

2. Establecer estratexias para que o alumnado entenda a puntualidade e a asistencia regular, como unha necesidade no cumprimento de cada unha das actividades que se realizan no centro.

3. Tomar conciencia da importancia que ten a adquisición progresiva de hábitos de traballo para o seu futuro.

4. Promover e protexer o respecto, o dereito ao traballo e ao estudo, desenvolvendo no instituto actitudes que favorezan un clima idóneo para a formación e a aprendizaxe.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

1. Promover a igualdade entre o alumnado, como un dereito democrático das persoas que todos debemos gozar polo feito de serlo

2. Promover o desenvolvemento de actitudes de rexeitamento ante actos de violencia ou discriminación.

3. Promover a toma de conciencia da necesidade de denunciar calquera actitude de violencia física ou psicolóxica exercida contra compañeiras ou compañeiros e en especial, daquelas relacionadas con discriminacións por razón de sexo, raza, relixión, nacionalidade, etc.

4. Desenvolver actitudes críticas ante estereotipos discriminadores.

5. Mostrar unha actitude favorable cara a realización compartida de tarefas escolares e cara ao traballo en equipo, mediante estratexias de aprendizaxe cooperativa, ou calquera outra, que poida servir para facilitar a colaboración solidaria entre o alumnado

- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

1. Promover a afectividade coma o soporte básico de toda relación entre persoas.

2. Favorecer o recoñecemento e o respecto cara as expresións afectivas dos demais, mostrándose tolerante coas ideas, tendencias e costumes do resto de compañeiros e compañeiras, así como de todo o profesorado.

3. Formar no coñecemento do conflito, como resultado natural da discrepancia nas relacións humanas, e nas distintas fases do proceso de solución pacífica .

4. Desenvolver procedementos para a posta en práctica da mediación, como vía para a resolución de conflitos, cando sexa necesario.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu

funcionamento e a súa utilización.

1. Entender o instituto como un eixe na mellora continua no desenvolvemento e implementación das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).
2. Promover o uso educativo das TIC, como a fonte de coñecemento, como instrumento para a comunicación e como ferramenta de aprendizaxe.
3. Promover a formación do profesorado no uso das TIC como instrumentos de aprendizaxe.
4. Desenvolver os recursos do instituto na materia de programación e comunicación, en especial na Web ou noutras ferramentas informáticas.
 - f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
 1. Desenvolver metodoloxías que permitan ao alumnado adquirir o coñecemento dunha forma integrada, a través da solución de problemas extraídos da realidade, que faciliten a relación do aprendido coas vivencias da vida diaria.
 - g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
 1. Establecer metodoloxías que faciliten a toma de decisións e a solución de problemas de xeito creativo.
 2. Formar ao alumnado no coñecemento e utilización de técnicas e estratexias para o desenvolvemento da creatividade.
 3. Fomentar e utilizar o traballo en equipo na aula, sendo conscientes da importancia das aportacións individuais para a consecución dun obxectivo grupal, así como dos diferentes roles e dinámicas que se producen nos grupos, a fin de xestionalas de maneira adecuada.
 4. Promover a iniciativa do alumnado para aportar y propoñer ideas que contribúan a dinamizar a vida do centro.
 - h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
 1. Desenvolver o Plan de Lectura coas melloras necesarias.
 2. Promover no alumnado a valoración da importancia da lectura como forma de achegarse á cultura e como fonte de coñecemento e enriquecemento persoal.
 3. Fomentar o uso correcto da linguaxe e a expresión oral e comprender a súa importancia como instrumento básico de comunicación en diferentes facetas da vida.
 4. Promover o interese por participar activamente en debates e exposicións orais tanto na aula como noutras accións educativas.
 5. Promover o respecto e a valoración da lingua galega como parte do patrimonio cultural da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto a través das materias específicas como doutras actividades que se poidan realizar no instituto.
 - i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
 1. Ademais das accións propias das materias de aprendizaxe das linguas estranxeiras, promover cantas iniciativas se poidan presentar que lle permitan ao alumnado a toma de contacto con entornos de aprendizaxe noutras linguas : As seccións bilingües , actividades con auxiliares de conversa , sesións de cine en V.O.
 2. Promover a participación do instituto en programas e proxectos europeos, de intercambio de experiencias de aprendizaxe, de intercambio de alumnado, etc.
 - j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
 1. Ademais dos contidos específicos das materias específicas relacionadas con este obxectivo, promover o tratamento interdisciplinar dos contidos relacionados co patrimonio e a cultura.
 2. Promover actividades extraescolares relacionadas co patrimonio e a cultura.
 - k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora..
 1. Promover no alumnado hábitos saudábeis de hixiene e alimentación, valorando éstos coma fonte de benestar, tanto físico, como psíquico.
 2. Formar no gusto pola práctica dalgún deporte e valorar a importancia da realización de exercicio físico ao longo da vida, de gozar de actividades ao aire libre e o contacto coa natureza, aprendendo a respectala.
 3. Formar no coidado e conservación do medio físico, coma fonte de recursos naturais necesarios para o desenvolvemento dos seres vivos.
 - l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
 1. Ademais das accións específicas das materias directamente relacionadas con este obxectivo, favorecer no alumnado o desenvolvemento da observación e a imaxinación, requisitos indispensábeis para a creación artística.
 2. Promover a participación en actividades creativas, que impliquen a correcta realización de obras e a súa exposición

pública.

3. Promover entre o alumnado a participación en manifestacións de carácter artístico ou creativo, tales como exposicións, concertos, representacións teatrais, visita de espazos Web específicos, etc.

4. Valorar adecuadamente as creacións que o alumnado poida realizar no desenvolvemento de proxectos relacionados con este obxectivo.

- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

1. Ademais das accións específicas que poidan estar incluídas no desenvolvemento das diferentes materias deberase participar nos diferentes proxectos establecidos por outras administracións ou entidades, que teñen como obxectivo o coñecemento ou divulgación do patrimonio histórico, cultural, etnográfico, xeolóxico, biolóxico, etc. de Galicia.

- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Así mesmo, o artigo 7 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan adquirir os seguintes obxectivos que a continuación pasamos a concretar para o I.E.S. República Oriental do Uruguai e que son unha continuación lóxica dos desenvolvidos durante a ESO :

a) Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e

enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As concrecións curriculares para os distintos bloques de materias, están recollidas nos anexos I, II e III do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, e constrúense a partir dos criterios de avaliación, ligándoos cos demais compoñentes de cada materia. Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para os alcanzar.

En cada materia, os contidos agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas a quen van dirixidos.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

As actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinar.

O feito de tratar simultaneamente, nunha mesma actividade, contidos de bloques distintos e, mesmo, de materias diferentes, permítelle ao profesorado determinar a conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe. Corresponderalle ao centro docente velar por un tratamento equilibrado das competencias clave nas programacións didácticas.

A posta en práctica desta recomendación deu lugar á aprobación polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte da Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliábeles. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

A información exposta anteriormente é de aplicación para as materias dos cursos 2º e 4ºESO e 2º BAC, nos que sigue vixente no curso actual o DEC 86 /2015.

No relativo aos cursos impares e con motivo da coexistencia de leis ao atoparnos en transición cara a Lomloe (Lei 3/2020, do 29 de decembro), implántase dende este curso 22-23 o novo currículo.

A concreción curricular para os distintos bloques de materias nos cursos de 1º e 3º da ESO, é a recollida no anexo II do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo da ESO en Galicia. Asemade, no curso de 1º de BAC, a concreción curricular das materias é a recollida no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo de Bacharelato en Galicia.

Os currículos de cursos impares establecen oito competencias, fronte ás sete dos cursos pares. Estas serían:

CCL - Competencia en comunicación lingüística
CP - Competencia plurilingüe
STEM - Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería
CD - Competencia dixital
CPSAA - Competencia persoal, social e de aprender a aprender
CC - Competencia cidadá
CE - Competencia emprendedora
CCEC - Competencia en conciencia e expresión culturais

Para cada materia os novos currículos establecen unha serie de obxectivos, entendidos como o desempeño que alumnado debe poder despreñar en actividades ou situacións que para a súa abordaxe requiren de aprendizaxes asociadas a contidos de cada materia. Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre o perfil de saída do alumnado por unha banda, e os criterios de avaliación e contidos das materias pola outra, na etapa da ESO; mentres que na etapa de bacharelato, os obxectivos constitúen un elemento de conexión entre as competencias por unha banda e os criterios de avaliación e contidos pola outra.

No relativo á ESO, o perfil de saída identifica e fixa as competencias clave que o alumnado debe adquirir e desenvolver ó finalizar a educación básica.

O perfil de saída é o aspecto novo da ESO, pero que non se establece no Bacharelato. En ambos casos se confire importancia ás competencias clave, entendidas como os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar o seus retos e desafíos globais e xerais.

Os currículos de aplicación nos cursos impares, establecen orientacións pedagóxicas, entendidas como indicacións para orientar ó profesorado no deseño e planificación das estratexias, procedementos e accións docentes de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permitan o logro dos obxectivos e adquisición das competencias clave.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Segundo o artigo 4 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, os elementos transversais son os seguintes:

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as

persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Os elementos transversais tamén son tratados no artigo 18 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo na ESO en Galicia, e artigo 19 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, que establece a ordenación e o currículo do Bacharelato en Galicia. Estes decretos indican como elementos transversais os seguintes:

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, o uso das matemáticas, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade, que se traballarán en todas as materias. A fin de promover o hábito da lectura, adicarase un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias

Fomentarse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero. A linguaxe será libre de prexuízos e estereotipos sexistas.

A consellería fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades ou proxectos significativos relevantes onde exista resolución colaborativa de problemas e que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de actitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o reforzo da autoestima e responsabilidade, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Segundo a LOMLOE (artigo 35), os criterios pedagóxicos do Bacharelato son :

1. Actividades educativas que favorecerán a capacidade do alumnado para aprender por sí mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos de investigación apropiados. Asimesmo, prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado incorporando a perspectiva de xénero.
2. As Administracións educativas promoverán as medidas necesarias para que nas distintas materias se desenvolvan actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente en público.
3. Na organización dos estudos de Bacharelato se prestará especial atención aos alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo. A estes efectos estableceranse as alternativas organizativas e metodolóxicas e as medidas de atención á diversidade precisas para facilitar o acceso ao currículo deste alumnado.

Neste curso 2022-23, seguindo o Plan redactado polo equipo de dinamización da biblioteca, todos os departamentos

didácticos do IES República Oriental do Uruguai traballarán, dende as distintas áreas de aprendizaxe, o seguinte tema transversal , eixo do proxecto PLAMBE :

- 2030: UNHA ODISEA NO ROU : o traballo, que se desenvolverá ao longo do curso, centrarase nos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible aprobados pola OMS para desenvolver ata o 2030.

A difusión deste traballo realizarase a través da web do centro, RADIO escolar do centro e da conta da biblioteca nas redes sociais (Instagram),

Ademais, outros proxectos e iniciativas do centro nos que se traballan os temas transversais serían os seguintes:

Plan de Acción Titorial

Clube de Lectura

Faladoiros de EDLG

Proxecto das Matemáticas sostibles que aborda os 17 obxectivos da OMS

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A Comisión Europea da Educación estableceu unhas competencias clave ou destrezas básicas necesarias para a aprendizaxe das persoas ao longo da vida e animou aos estados membros a dirixir as súas políticas educativas nesta dirección. Defínese a competencia clave ou básica como a capacidade de responder ás demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas da forma adecuada. Supón unha combinación das habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais que actúen conxuntamente para o logro dunha acción eficaz. As competencias claves son aquelas nas que se sustentan a realización persoal, a inclusión social, a cidadanía activa e o emprego.

O IES República Oriental do Uruguai toma como seus os principios metodolóxicos reflectidos no artigo 11 do decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia :

- Os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para esta etapa desde a consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.

- A metodoloxía didáctica neste etapa será especialmente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

- Procurarase o traballo en equipo do profesorado ao obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

- No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliados previstos en cada materia e, no seu caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.

- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e unha atención personalizada en función das necesidades de cada persoa. Os mecanismos de reforzo, se deberán poñer en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, e poderán ser tanto organizativos como curriculares.

- Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para iso, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

Os centros, no marco da súa autonomía, impulsarán e desenvolverán os principios, obxectivos e a metodoloxía

propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio da cidadanía activa. Todas as competencias citadas anteriormente buscan o seguinte:

- A metodoloxía será activa e participativa xa que entendemos a aprendizaxe como un proceso persoal e de interacción social que os alumnos e alumnas constrúen en función das relacións comunicativas que se organizan no contexto do centro e aula. Neste contexto fomentárase a creación dun clima e ambiente que permita relacións informativas e formativas que xeren, en definitiva, un contexto estimulante cara á aprendizaxe e a cultura mediante a creación de vínculos positivos. En concreto, unha metodoloxía baseada na integración do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. En consecuencia, favorecerase a participación do alumnado na dinámica xeral da clase, procurando a implantación de actividades que fomenten o traballo colaborativo e propicien o deseño e desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe.

- Os principios básicos da aprendizaxe aos que nos imos a cinguir son:
A coherencia, na medida do posible, de todas as materias. A adaptación que cada profesor/a deberá facer en función das características do grupo e que completará coas contribucións da experiencia docente diaria. O profesorado adoptará o papel de guía do proceso de ensino-aprendizaxe.

Tipos de aprendizaxe que se utilizarán:

- Aprendizaxe por facilitación (consistirá en proporcionar dun xeito ordenado os contidos relevantes) e aprendizaxe por descubrimento (dispoñer as condicións e os materiais máis idóneos para que o alumnado, asumindo unha actitude máis autónoma, adquira o seu propio coñecemento).

- Practicar ou aplicar os coñecementos sempre que sexa viable, posto que isto supón unha das mellores formas de consolidar as aprendizaxes.

- Facer explícita a utilidade dos contidos que se imparten en dous sentidos (para aumentar a motivación): a súa utilidade nos aspectos académicos e o seu uso no desenvolvemento no ambiente cotián.

- Propoñer algunhas tarefas como un desafío, como unha meta con certo grao de dificultade pero asequible ao mesmo tempo, aumentará o interese nos adolescentes e contribuirá a incrementar o grao de autonomía e a consideración positiva cara ao esforzo.

O traballo colaborativo:

- Pode facilitar o intercambio de experiencias e a cooperación entre o alumnado.

- É non só un medio senón un fin en si mesmo nunha sociedade que aposta cada vez máis por este procedemento.

- Non pode nin debe aplicarse sen a debida reflexión.

- Seleccionar previa e coidadosamente a actividade e o momento máis adecuado para desenvolvela.

- Definir claramente os obxectivos que se pretenden e o procedemento para levala a cabo

- Establecer de xeito flexible a composición dos grupos.

- Explicitar como e cando finalizará a tarefa.

A título orientativo, podemos establecer unha clasificación das actividades, segundo a seguinte tipoloxía:

Actividades de introdución-motivación, que teñen a finalidade de introducir ao alumnado nun obxecto de estudo determinado.

Actividades de coñecementos previos, orientadas a coñecer as ideas, opinións e intereses do alumnado sobre os contidos que se van desenvolver.

Actividades de desenvolvemento, que permitirán a aprendizaxe de conceptos, procedementos, actitudes e a comunicación aos demais da tarefa realizada.

Actividades de consolidación, que serven para contrastar as novas ideas coas ideas previas do alumnado.

Actividades de recuperación, orientadas a atender a aquel alumnado que non conseguiu as aprendizaxes previstas.

Actividades de ampliación, que permiten construír novos coñecementos ao alumnado que realizou de forma satisfactoria as actividades establecidas.

Partiremos das necesidades, demandas, expectativas e intereses do alumnado.

Perseguimos a funcionalidade das aprendizaxes partindo dunha estreita relación co contorno mediante visitas, saídas ou traballos de campo, coa idea de resolver problemas, satisfacer inquietudes, realizar investigacións que permitan comprender a realidade ou novos fenómenos. Esta perspectiva funcionalista da aprendizaxe logrará captar a atención e a motivación do alumnado ao favorecer que utilice o aprendido en circunstancias da vida real, en situacións prácticas ou utilizándoo como instrumento para lograr novas aprendizaxes.

Esta concepción construtivista da aprendizaxe permítenos expor a necesidade de enfoques interdisciplinares na abordaxe das actividades ou propostas de traballo, nas que o alumnado se converte en protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe. Igualmente, favoreceremos e partiremos do traballo intelectual activo mediante o uso das técnicas de traballo e estudo que favorezan a comprensión e a memorización.

Finalmente, debemos dicir que con esta formulación pretendemos a motivación adecuada do alumnado a fin de conseguir unha redución do fracaso escolar. Por outra banda, resta indicar que, tendo como marco estes principios metodolóxicos xerais, cada un dos departamentos didácticos abordará de modo específico as súas propias estratexias metodolóxicas.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os materiais e recursos didácticos serán os máis apropiados para as técnicas e actividades programadas en cada materia. No caso dos materiais comúns e de uso xeral, os responsables de uso e distribución serán o Secretario (a través da conserxería) e o Coordinador Edixgal e de mantemento informático.

Se son materiais asignados a un departamento en concreto, éste encargárase de regular o seu uso entre os profesores integrantes, ou polos alumnos ao seu cargo. Procurárase limitar o uso de materiais e recursos de obrigatoria adquisición polos alumnos, para evitar, na medida do posible, situacións de discriminación por razóns económicas. O centro en comunicación con cada departamento colaborará, na medida das súas posibilidades, para conseguir os materiais necesarios destinados a aqueles alumnos que, por falta de recursos económicos, non poidan adquirilos pola súa conta.

O IES República Oriental do Uruguai leva catro anos dentro do Proxecto Edixgal nos cursos de 1º e 2º de ESO. Isto supón a dotación gratuita dun ordenador portátil para cada alumno así como a liberación do libro de texto en alomenos seis materias de cada nivel. Tamén supón ter alomenos 10 aulas no centro dotadas con pizarra dixital.

Dende a apertura do protocolo COVID de ensino a distancia, o entorno EVA (Edixgal de 1º e 2º ESO) e a Aula Virtual (3º e 4º ESO e 1º e 2º BACH), convertéronse nun eixo inimportantísimo na impartición de todas as materias e na organización dos recursos educativos virtuais os departamentos: Presentacións, apuntes, exercicios, enlaces a videotutoriais etc... de acceso libre e gratuito para o noso alumnado non soamente supón un enriquecemento na súa formación, senón tamén un avance no desenvolvemento do Plan Dixital de Centro

O recurso didáctico por excelencia segue a ser o libro de texto tendo banco de libros do centro para 2º e 4º ESO (a extinguir este curso) e Fondo solidario para 3º de ESO. As materias con libro de texto por curso son:

- 1º ESO : Lingua Castelá , Lingua Galega , Inglés e Francés.
- 2º ESO : Lingua Castelá , Lingua Galega , Inglés e Francés.
- 3º ESO : Lingua Castelá , Lingua Galega , Inglés , Francés , Física e Química e Xeografía e Historia .
- 4º ESO : Lingua Castelá , Lingua Galega , Inglés , Francés , Física e Química , Xeografía e Historia , Economía , Matemáticas Académicas e Matemáticas Aplicadas.
- 1º BACH : Lingua Castelá , Lingua Galega , Inglés , Francés , Física e Química , Historia do Mundo Contemporáneo e Literatura Universal
- 2º BACH : Francés II , Economía da Empresa , Xeografía , Matemáticas II , Matemáticas aplicadas ás CC.SS. , Inglés

Na selección duns e doutros materiais se atenderá aos seguintes criterios básicos:

- Criterios xerais de selección de materiais curriculares.
 - * Que sexan adecuados para alcanzar os obxectivos.
 - * Que favorezan o desenvolvemento das capacidades formuladas nos obxectivos xerais.
 - * Que non sexan discriminatorios para os alumnos, en función dos recursos económicos, a capacidade intelectual, o xénero, a etnia, a orientación sexual, etc.
 - * Que sexan adecuados á idade e aos ritmos de aprendizaxe.
 - * Que permitan utilizar os diferentes tipos de razoamento (concreto, abstracto, analítico, sintético¿)
 - * Que favoreza o tratamento global e integrado dos aprendizaxes.
 - * Que se axusten ás actividades programadas.
 - * Que incorporen un alto grado de interactividade didáctica.
 - * Que o seu uso motive a adquisición de hábitos e actividades positivas cara os valores sociais, culturais, naturais
- Criterios orientativos, de acordo cos seguintes aspectos.

- * Adecuada elección.
- * Adecuación da linguaxe e do vocabulario, procurando que o estilo sexa sinxelo, comprensible, directo, estendéndose á linguaxe gráfica.
- * Distribución correcta dos contidos en unidades didácticas claramente secuenciadas. Os contidos estarán axustados aos obxectivos xerais: os propios do centro, os derivados da concreción do currículo e os propios da materia. Valorarase a presentación dos contidos en soportes dixitais ou multimedia, incluíndo demostracións e/ou aplicacións prácticas .
- * Respetará os valores étnicos, socioculturais, asumidos pola sociedade, favorecendo a súa práctica, respecto ao medio ambiente, á diversidade persoal e cultural.
- * Disporá, dentro do manual ou en separata, os contidos curriculares referidos á Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos criterios xerais de selección.
- * Disporá de documentación complementaria. Anexos
- * Incluír un vocabulario específico da materia.
- * Estará dotado dun mapa conceptual ou similar, ao inicio de cada unidade didáctica.
- * Aparecerá ilustrado con Láminas e/ou fotografías con calidade suficiente, que facilite a comprensión do recurso.
- * Contará con gráficas elaboradas seguindo os principios básicos da cartografía: forma, cor, lenda, orientación
- * Conterá mapas en diferentes escalas e formatos

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Educación Secundaria Obrigatoria no IES ROU

A estrutura dos grupos no curso 2022-2023 é a seguinte:

- 1º ESO: dous grupos de referencia cun agrupamento nas materias de Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas e Bioloxía.
- 2º ESO: dous grupos de referencia cun agrupamento nas materias de Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas.
- 3º ESO: dous grupos de referencia cun agrupamento nas materias de Lingua Castelá, Lingua Galega, Física e Química, Matemáticas e Bioloxía.
- 4º ESO: dous grupos de referencia. Un grupo mixto co itinerario de ciencias e ciencias sociais. Outro grupo que inclúe ao alumnado do itinerario de ciencias e o itinerario profesional.

No IES ROU non temos Agrupamentos en Ámbitos , PDC ou PMAR.

Seccións bilingües:

As seccións bilingües impártense dende primeiro ata cuarto curso da ESO en diferentes materias:

- 1º ESO: sección bilingüe nas materias de Inglés, Educación Física, Xeografía e Historia, Tecnoloxía e Dixitalización.
- 2º ESO: sección bilingüe nas materias de Inglés, Educación Física, Xeografía e Historia, Física e Química e tecnoloxía.
- 3º ESO: sección bilingüe nas materias de Inglés, Educación Física, Xeografía e Historia, e Educación Dixital.
- 4º ESO: sección bilingüe nas materias de Inglés, Educación Física e Xeografía e Historia.

O alumnado dispón desta oferta educativa que complementa os itinerarios da ESO e lles permite cursar toda a Educación Secundaria Obrigatoria no programa bilingüe.

ITINERARIOS DA ESO

Nas seguintes táboas amósanse os diferentes itinerarios posibles ofertados nos catro cursos da ESO para o curso 2022-2023 coa finalidade de que as familias e o alumnado poidan elixir o itinerario que mellor se adapte ás súas motivacións e intereses.

1º ESO Materias Comúns : Lingua Castelá , Lingua Galega , Inglés , Ed. física , Matemáticas e Xeografía e Hª

1º ESO Materias Específicas Obrigatorias : Tecnoloxía e Dixitalización , Bioloxía e Xeoloxía , EPeVA , Francés , Relixión Católica/Proxecto Competencial.

1º ESO Materia Disposición Centro

2º ESO Materias Troncais : Lingua Castelá , Lingua Galega , Inglés , Matemáticas e Xeografía e Hª , Tecnoloxía e FQ

2º ESO Materias Específicas : Educación Física , Música e Francés

2º ESO Materias de Opción : Relixión Católica ou Valores Éticos

2º ESO Materias Libre Configuración : Programación ou Oratoria

3º ESO Materias Comúns : Lingua Galega e Literatura , Lingua Castelá e Literatura , 1ª Lingua Estranxeira Inglés ,

Matemáticas , Xeografía e Historia , Educación Física , Bioloxía Xeoloxía , Física e Química
3º ESO Materias Específicas Obrigatorias : Música , Educación Plástica Visual e Audiovisual , Educación en valores Cívicos o Éticos , Relixión Católica ou Proxecto Competencial
3º ESO Materias Optativas Autonómicas : 2ª Lingua estranxeira Francés , Cultura Clásica , Educación Dixital , Oratoria (a elixir unha)
4º ESO Materias Troncais : Inglés , Xeografía e Historia e Lingua Castelá e Literatura
4º ESO Materia Libre Configuración Autonómica : Lingua Galega e Literatura
4º ESO Materias Específicas : Educación Física , Relixión Católica / Valores Éticos .
4º ESO Materias Troncais da rama de Ciencias ; Matemáticas Académicas , Bioloxía e Xeoloxía , Física e Química
4º ESO Materias Troncais da rama Humanidades e Sociais : Matemáticas Académicas , Economía e Latín.
4º ESO Materias Troncais da rama Profesional : Matemáticas Aplicadas , CAAP e IAEE
4º ESO Materias Específicas de Opcion (a escoller 2) : TICS , EPEVA , Francés , Cultura Científica e Filosofía .

ITINERARIOS DE BACHARELATO

Primeiro e segundo de Bacharelato

A estrutura dos grupos de bacharelato para o curso 2022-2023 é a que se indica a seguir:

Primeiro de bacharelato: catro grupos de referencia.

1 BAC A /B: itinerario de ciencias.

1 BAC C: itinerario de ciencias sociais e humanidades.

1 BAC D: itinerario de ciencias sociais.

Segundo de bacharelato: catro grupos de referencia.

2 BAC A /B: itinerario de ciencias.

2 BAC C: itinerario de ciencias sociais e humanidades.

2 BAC D: itinerario de ciencias sociais.

Bacharelato STEM:

A maior parte do alumnado que escolle esta modalidade soe ser alumnado do itinerario de ciencias . Teñen unha materia a maiores , os mércores pola tarde , que é un proxecto de investigación a desenvolver durante os dous cursos de bacharelato coa supervisión e colaboración de profesorado universitario . Este proxecto publícase e expone oralmente .

Itinerarios de primeiro e segundo de Bacharelato.

Nas seguintes táboas amósanse os diferentes itinerarios posibles nos grupos de bacharelato para o curso académico 2022-2023 coa finalidade de que as familias e o alumnado poidan elixir o itinerario que mellor se adapte ás súas motivacións e intereses.

1º BACH CC Materias Comúns : Lingua Castelá e literatura , LinguaGalega e literatura , Inglés , Ed. Física e Filosofía
1º BACH CC Materias Específicas Modalidade A : Matemáticas I , Bioloxía Xeoloxía e CCAA , Física e Química
1º BACH CC Materias Específicas Modalidade B : Matemáticas I , Debuxo Técnico I e Física e Química
1º BACH CC Materias Optativas : Francés , TICs , Tecnoloxía e Inxeniería I e Anatomía Aplicada
1º BACH CC Materias Optativas : Relixión ou Materia Disposiciondo centro
1º BACH HUMANIDADES/CC SOCIAIS Materias Comúns : Lingua Castelá e literatura , LinguaGalega e literatura , Inglés , Ed. Física e Filosofía
1º BACH HUMANIDADES/CC SOCIAIS Materias Específicas Humanidades : Latin I , Grego I , Literatura Universal
1º BACH HUMANIDADES/CC SOCIAIS Materias Específicas CC Sociais : Matemáticas aplicadas ás CCSS I , Economía , Hª Contemporanea
1º BACH HUMANIDADES/CC SOCIAIS Materias Optativas : Frances I , Antropoloxía , TICs I
1º BACH HUMANIDADES/CC SOCIAIS Materias Optativas : Relixión ou Materia Disposiciondo centro
2º BACH CC Materias Troncais Xerais : Lingua Castelá e literatura , Lingua Galega e literatura , Inglés , Hª de España
2º BACH CC Materias Troncais : Matemáticas II , Química , Bioloxía/DT II , Física/Xeoloxía
2º BACH CC Materias Específicas 1 : FAX , Psicoloxía , Frances II , TICs II , Tecnoloxía Industrial II
2º BACH CC Materias Específicas 1 : Actividade física , Proxecto de Investigación , Relixión católica
2º BACH HUMANIDADES/CC SOCIAIS Materias Troncais Xerais : Lingua Castelá e literatura , Lingua Galega e literatura , Inglés , Hª de España
2º BACH HUMANIDADES/CC SOCIAIS Materias Troncais Itinerario Himanidades : Latín II , Hª da Filosofía
2º BACH HUMANIDADES/CC SOCIAIS Materias Troncais Itinerario CCSS : Matemáticas aplicadas as CCSS II , Hª da Filosofía
2º BACH HUMANIDADES/CC SOCIAIS Materias Específicas 1 : Grego II / Xeografía , Hª da Arte / Economía da Empresa

2º BACH HUMANIDADES/CC SOCIAIS Materias Específicas 2 : FAX , Psicoloxía , Frances II , TICs II
2º BACH HUMANIDADES/CC SOCIAIS Materias Específicas 3 : Actividade física , Relixión Católica

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

O plan de actividades complementarias e extraescolares que se propón no IES ROU está deseñado para contribuír á formación integral do alumnado, conscientes de que son unha gran arma pedagóxica para dinamizar a participación dos distintos membros da nosa Comunidade Educativa.

A programación e o desenvolvemento das ACeE intégranse adecuadamente no conxunto das actividades educativas que se realizan no centro e van dirixidas a potenciar a adquisición das distintas competencias básicas do alumnado.

Aclaración terminolóxica:

¿Considéranse actividades complementarias as que se desenvolven durante o horario escolar, e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazo e recursos utilizados¿. Sempre e cando non se precise aboar unha cota para participar na mesma o profesorado da área ou áreas coas que esta vinculada poderán tela en conta para a avaliación do alumnado.

¿Falamos de actividades extraescolares cando estas están encamiñadas a potenciar a apertura do Centro ao seu medio e/ou serán realizadas fóra do horario lectivo, terán carácter voluntario para todo o alumnado, e, en ningún caso, formarán parte do proceso de avaliación das distintas áreas ou materias curriculares que integran os plans de estudo¿.

OBXECTIVOS XERAIS DAS ACTIVIDADES.

1. Fomentar a convivencia e o respecto a todos os membros da comunidade escolar, dentro e fóra do Centro.
2. Complementar o currículo das diferentes áreas, favorecendo a interdisciplinariedade e o traballo por centros de interese.
3. Incidir nos denominados ¿temas transversais¿, que polo xeral son menos traballados desde as áreas curriculares.
4. Incentivar o traballo persoal e a iniciativa do alumnado e favorecer a adquisición de habilidades sociais que lle permitan ao alumnado actuar dentro e fóra da aula de forma adecuada.
5. Contribuír ao enriquecemento cultural do discente, aproveitando a participación en actividades que teñen unha carga máis lúdica.
6. Fomentar o respecto e a valoración polo patrimonio natural, cultural, histórico, lingüístico, artístico e social.
7. Formar o alumnado en actividades de solidariedade, tolerancia, superando prexuízos, inhibicións e calquera manifestación discriminatoria.
8. Aumentar o coñecemento de problemas sociais e a sensibilización ante eles.
9. Facilitar o coñecemento real do mundo laboral ao que accederán nun futuro próximo.
10. Conseguir un aproveitamento racional dos espazos do Centro, tanto en horario lectivo como non lectivo.

XESTIÓN DAS ACTIVIDADES.

Aspectos preliminares.

Las ACeE deberán ter un carácter totalmente formativo e, na medida do posible, interdisciplinar. Procurarase que cada actividade estea ben planificada con antelación, se ben somos conscientes da dificultade para ultimar todos os detalles das mesmas. Tenderase a racionalizar a súa temporalización de acordo co calendario de exames e avaliacións dos grupos aos que van dirixidas e realizarase un reparto equitativo trimestral atendendo á diminución da carga horaria que se vai producindo en cada unha das materias.

A Vicedirección incluirá na súa proposta de programa de actividades, as presentadas polos Departamentos Didácticos, o Equipo de Dinamización Lingüística, a Biblioteca do centro. A presentación do programa confeccionado levarase a cabo para a súa aprobación polo Consello Escolar no 1º trimestre do curso, atendendo á lexislación vixente.

Profesorado participante ou afectado pola realización das ACeE:

- O profesorado implicado (o alumnado co que ten clase asiste á actividade) pola realización dunha ACeE dentro do centro deberá acompañar o alumnado á mesma. Se a ACeE se desenvolve fóra do centro escolar e o profesor non se despraza, deberá cumprir o seu horario de permanencia no centro, actuando como un profesor de garda se quedou sen alumnado.

- No caso de ACeE que impliquen a interrupción da actividade lectiva en todo o centro (magosto, antroido, letras galegas, xornadas de fin de trimestre...) a distribución de tarefas entre o profesorado establecerase, de forma coordinada, por Vicedirección e Xefatura de Estudos. Esta distribución de tarefas respectará sempre as horas de permanencia no centro dos docentes.

- A preparación de ACeE non suporá, salvo casos excepcionais e con autorización da Dirección, perdas de clases para o profesorado e para o alumnado.

Cristerios para a realización de actividades extraescolares e complementarias. (Protocolo de actuación).

Buscarase a coordinación entre as actividades impulsadas desde Vicedirección, os Departamentos Didácticos, a Biblioteca, o Equipo de Dinamización da Lingua galega e as promovidas desde a ANPA para confeccionar un programa cunha distribución temporal pedagóxica e visible na páxina web do centro (calendario semanal, mensual e anual).

- Deben de estar documentadas con proxectos didácticos buscando a máxima interdisciplinariedade
- De cada actividade farase un orzamento previo para estudar a súa viabilidade.
- En ningún momento as actividades terán carácter discriminatorio, nin se poderá negar a participación a ninguén, excepto cando o determine o equipo directivo, a petición propia ou do profesorado responsable, debido a problemas graves de comportamento.

Recórdase a obriga de facilitar a Vicedirección coa máxima antelación posible a información necesaria para facer a autorización imprescindible (anexo) para as actividades a realizar fóra do recinto escolar. A Vicedirección colocará na sala do profesorado un plan mensual das actividades a celebrar .O profesorado, cando organice unha actividade, entregará en Vicedirección un modelo cuberto onde reflectirá a seguinte información :

- ¿ Nome da actividade e breve descripción da mesma
- ¿ Se é actividade complementaria ou extraescolar
- ¿ Data , duración , grupos de alumnado implicados
- ¿ Se precisa transporte escolar (hora de saída e de chegada)
- ¿ Custo
- ¿ Departamento responsable e profesorado acompañante

¿ O profesorado encargado da actividade recollerá todas as autorizacións e facilitará os datos para que a Vicedirección publique, na sala de profesorado e cun mínimo de 2 días lectivos de antelación, o listado do alumnado participante e profesorado acompañante. Ao finalizar a actividade anotarase se algún alumno/a faltou. É preferible que acompañen o alumnado, ben profesores/as que lles impartan clase, ben aqueles que teñan relación coa actividade.

A ratio é 1 profesor/a por cada 20 alumnos/as (mínimo) para saídas nacionais e 1 profesor/a por cada 15 alumnos/as para saídas internacionais .

¿ O profesorado asistente, en caso de desatender a outro alumnado, deixará traballo programado. Cando unha actividade se organice para poucos alumnos/as de múltiples grupos, as actividades lectivas no se verán alteradas.

¿ O profesorado responsable das viaxes poderá, se o comportamento dalgún alumno/a non é o axeitado, impoñer as sancións que considere oportunas, e, en caso extremo, enviar o alumno/a á casa polo procedemento que contemple a lexislación vixente.

¿ En caso de enfermidade dun alumno/a durante a viaxe, o profesorado actuará de acordo ás indicacións de Dirección e sempre co consentimento do pai/nai/titor/a.

¿ O profesorado acompañante poderá alterar o plan dunha viaxe se as circunstancias o aconsellan.

¿ Como norma xeral, para que unha actividade poida levarse a cabo debe estar implicado o 75 % do alumnado, aplicada esta porcentaxe de forma independente a cada unha das materias involucradas.

Nesta porcentaxe non se computarán os alumnos que por razóns disciplinarias non poidan asistir.

¿ A entrega de cartos e autorizacións por parte do alumnado efectuarase no prazo sinalado no impreso da autorización. Serán os responsables da actividade os encargados de recoller os cartos ou xustificantes bancarios do ingreso e as autorizacións e entregalos ao/á Vicedirector/a ou ao/á Secretario/a.

¿ Enténdese que, de non mediar causa xustificada e por escrito, os cartos entregados non serán devoltos ao alumnado no caso de que este decida non participar a posteriori na actividade.

¿ A anulación da actividade implica a devolución dos cartos recadados.

Especificacións para o día da actividade

1. O alumnado que non participe nela permanecerá na aula co profesorado correspondente á hora lectiva (ou, na súa ausencia, co profesorado de garda).

2. Aquelas actividades desenvolvidas dentro do centro e que non supoñan desembolso económico serán obrigatorias para o alumnado ao que se dirixe. Neste caso, o alumnado será acompañado polo profesorado que nese momento teña clase co grupo e/ou polo profesor/a organizador/a de dita actividade.

3. En ningún caso se poderá impartir materia nova ao alumnado que quedou no centro en prexuízo do que participa na actividade.

4. É requirimento inescusable acudir puntualmente ás actividades; no caso de retrasos inxustificadas, pérdese o dereito á asistencia (e, consecuentemente, non existe posibilidade de reclamar a devolución dos cartos).

Despois da actividade

Tras a actividade, tanto o profesorado como unha representación do alumnado que participou nela realizarán unha valoración por escrito; esta valoración será entregada á Vicedirección co obxecto de elaborar a memoria do curso e a planificación do vindeiro.

Indicacións específicas para as actividades complementarias desenvolvidas no centro ou no ámbito do concello

1. O profesorado acompañante do alumnado será, en principio, o asignado polo departamento. No caso de actividades moi numerosas, o profesorado implicado será o que tivese clase co alumnado nas respectivas horas abranguidas pola actividade.

2. O profesorado de garda será responsable do alumnado que non participe na actividade.

Indicacións específicas para as actividades complementarias asociadas á celebración do magosto, Nadal, Entroido, Semana Santa e fin de curso

1. Estas datas poden ser obxecto de celebracións excepcionais organizadas tanto polo profesorado como polo alumnado.

2. Tanto o profesorado como o alumnado encargaranse de comunicar calquera previsión de actividades á Vicedirección do centro cunha semana de adianto á data correspondente, como mínimo.

3. O profesorado ten a obriga de cumprir co seu horario nas devanditas datas.

Indicacións específicas para a regulación das actividades complementarias

1. Establecerase un número máximo de horas por trimestre ou por curso para cada materia e grupo que se poderán ceder para actividades (15%). A Vicedirección e/ou profesor/a interesado levará conta das horas de cada materia que se ceden para cada actividade.

2. No caso de que se propoña unha actividade que conleve a superación do límite nunha ou varias materias, dita actividade poderá realizarse sempre e cando se acade un acordo co profesorado das materias afectadas para que dalgún xeito poida recuperar as horas cedidas, no caso de que así o solicitase.

3. Á hora de encaixar unha actividade no cupo horario respectarase a orde de solicitude, pero terán preferencia as solicitudes de departamentos que non teñan xa organizada outra actividade para ese grupo e trimestre e quedarán nunha lista de espera por se algunha actividade prevista non se puidera finalmente realizar.

4. As solicitudes deberán incluír as datas fixas. Se finalmente, polo motivo que sexa, unha actividade non se pode realizar na data prevista, poderá moverse a outra sempre e cando non haxa algunha outra actividade en lista de espera.

Indicacións específicas para a excursión de fin de curso (4º de ESO) Criterios de organización da viaxe de estudos

1. A viaxe de estudos é unha actividade proposta polo centro e organizada pola Vicedirección. O equipo directivo e o claustro analizarán a conveniencia ou non da súa organización vistas as circunstancias concurrentes en cada curso escolar.

2. Ten como obxectivos o enriquecemento cultural e a convivencia entre o alumnado, aproveitándose estas viaxes para visitar monumentos, museos, xardíns botánicos, parques naturais, industrias etc.

3. As datas de realización deberán marcarse coa suficiente antelación para planificar exames, exames de pendentes , etc.
4. Intentarase ofrecer ao alumnado rutas alternativas que fomenten a máxima participación.
5. As datas de realización da viaxe estarán en función do lugar que se visite e da menor interrupción da actividade lectiva.
6. Poderán participar nestas actividades todos os/as alumnos/as, agás aqueles que fosen suspendidos deste dereito por decisión do/a Director/a ou o/a Xefe/a de Estudos, unha vez oídos o/a alumno/a e o/a titor/a.

Consideracións sobre o comportamento do alumnado na viaxe de estudos

1. Durante a viaxe o alumnado deberá cumprir con todo rigor o programa de actividades establecido, mantendo en todo momento un comportamento correcto e respectando aos seus compañeiros/as e profesores/as, así como ás persoas e costumes do lugar visitado.
2. O alumnado deberá respectar as seguintes prohibicións expresas: consumo de alcohol, consumo e distribución de calquera tipo de drogas. Tampouco se permitirá que provoque altercados ou escándalos e que non respecte o mobiliario e as instalacións dos lugares que se visitan.
3. O custo económico dos danos provocados polo mal uso das instalacións será aboado polo/a alumno/a
4. O non cumprimento das normas anteriores terá as seguintes consecuencias:
 - ¿ Expulsión inmediata da viaxe e regreso do/a alumno/a ao seu domicilio. O custo económico desta medida correrá a cargo do/a alumno/a.
 - ¿ Apertura de expediente disciplinario.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

De acordo co establecido na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- O alumnado que promocióne con materias suspensas deberá seguir un Plan de Reforzo de materias pendentes en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e a súa superación.
- Este plan será elaborado polo docente que imparta a materia o curso seguinte a partir do informe elaborado polo docente do curso actual, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno. O departamento decidirá cómo xestionar este Plan de recuperación .
- En cada sesión de avaliación farase o seguimento deste plan, facendo os axustes que procedan, ata a avaliación final, na que se decide se obtén avaliación positiva, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria.
- En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.
- Dependendo dos criterios reflectidos na programación de cada Departamento didáctico, este plan pode supoñer a realización de tarefas ao longo do primeiro e segundo trimestres (con unha , dúas o varias datas de entrega programadas) , a realización de exames de recuperación no caso de que a calificación destas tarefas non sexa positiva , ou unha combinación de ambas medidas . En todo caso , a comezón de curso establécese en CCP e Claustro unha semana específica para a realización destes exames e que non coincidan cos ordinarios do curso no que está matriculado/a o/a alumno/a

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

De acordo co establecido na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborárase o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos os seguintes puntos:

- ¿ Identificación da alumna/o
- ¿ Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- ¿ Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- ¿ Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- ¿ Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- ¿ De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- ¿ Acreditación de información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

CRITERIOS XERAIS de AVALIACION

-Desaparece a convocatoria de setembro

-A avaliación será Continua (reforzo educativo en calquera momento do curso) , Formativa (instrumento de mellora do ensino-aprendizaxe) e Integradora (obxectivos e competencias dende todas as materias) ...

- ESO: Realizaranse 3 sesións de avaliación parciais ao longo do curso, unha avaliación inicial (ao comezo do curso) e unha avaliación final ordinaria coincidente coa terceira avaliación parcial. Desaparece a avaliación extraordinaria .

Establécese así a modificación con respecto ao deseño da concreción Curricular do centro do curso pasado , seguindo as directrices da ORDE de 27 do decembro de 2022 que modifica a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para el curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidad Autónoma de Galicia. . A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso .

- BACHARELATO: Realizaranse tres sesións de avaliación parciais ao longo do curso, unha avaliación final ordinaria (que poderá coincidir coa terceira avaliación parcial) e unha avaliación final extraordinaria . Habrá unha convocatoria (proba) de materias pendentes antes da avaliación final ordinaria e outra antes da avaliación final extraordinaria . O periodo comprendido entre a avaliación ordinaria e extraordinaria destinarase :

- 1º BACH : preparación das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titorización

- 2º BACH : o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias

CRITERIOS DE PROMOCIÓN de curso/etapa para o alumnado da ESO

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna/o, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción (Decisión colexiada na avaliación final de cada curso pola unanimidade/maioría simple do equipo docente) . A decisión será adoptada atendendo á consecución

dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción:

- Promociona o alumnado con todas as materias aprobadas.
- Promociona o alumnado cunha ou dúas materias suspensas (contabilizando as materias pendentes), independentemente da materia.
- O alumnado con tres ou máis materias suspensas poderá promocionar sempre e cando se cumpran simultaneamente todas estas condicións e así o decida o equipo docente (se non hai unanimidade, decidírase con votación por maioría simple entre os docentes que lle imparten clase), sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:
 - Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias con avaliación negativa non sexa superior a dez . Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as de libre disposición .
 - Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte. .
 - Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
 - Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un Plan de Reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación, segundo o establecido na Orde de 8 de setembro de 2021, artigo 51.

O alumnado que non promocioe e teña que repetir seguirá un Plan Específico Personalizado, elaborado segundo a Orde do 8 de setembro de 2021 (art.52), coa finalidade de adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna/o, para tratar de superar as dificultades detectadas.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN do alumnado de Bacharelato

(Promoción de 1º a 2º de Bacharelato)

O alumnado de primeiro de bacharelato promocionará ao segundo curso cando se cumpra unha das seguintes condicións:

¿ Superar todas as materias cursadas

¿ Ou ter avaliación negativa en dúas materias como máximo. Estas terán a consideración de materias pendentes no 2º curso de Bacharelato.

CRITERIOS DE TITULACIÓN

A titulación é unha decisión colexiada polo equipo docente (unanimidade ou maioría simple) atendendo a adquisición das competencias e o logro dos obxectivos.

O título de graduado en ESO expedírase sen cualificación , e o título de Bacharel será pola modalidade cursada, cunha nota media aritmética das cualificacións obtidas, en escala de 0 a 10 con dous decimais, e redondeada á centésima.

Titulación na ESO

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa. No caso do alumnado con adaptación curricular os referentes da avaliación serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto lle poida impedir a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

- Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. (Incluídas as materias pendentes de cursos anteriores)

- Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran simultaneamente as condicións seguintes:

-A media aritmética de todas as materias do curso é igual ou superior a 5.

-Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

-Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Titulación en BACHARELATO

(avaliación final ordinaria e extraordinaria de 2º BACHARELATO)

¿ Ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato

¿ Establécese unha excepcionalidade na que se indica que tamén poderá obter o título de bacharelato o alumnado que teña todas as materias superadas agás unha, sempre e cando se cumpran simultaneamente os seguintes catro criterios:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a

ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. Empregaranse os límites que establece o protocolo de absentismo escolar da Consellería de Educación, cando un alumno presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10 %) do horario lectivo dun determinado mes.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. Os departamentos terán en conta as actividades necesarias para o logro dos mínimos establecidos nas súas programacións didácticas. Así mesmo terase en conta que un alumno non se pode presentar a unha proba e deixala en branco.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Os criterios de matrícula de honra (no caso da ESO e Bacharelato) están recollidos no artigo 12 para a ESO e no artigo 18 para o bacharelato da orde 25/01/2022.

ESO e BACHARELATO

- Poderá concederse como máximo a un número de alumnas/os igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total do alumnado matriculado no 4º curso e en 2º BACH.

- Poderá obter esta mención o alumnado que, logo da avaliación final, obtívase unha nota media do curso igual ou superior a 9 puntos en 4º ESO e en 2º BACH

- O número de alumnado matriculado en determina o número de matrículas de honra que se poden conceder:

Nº de alumnado matriculado por Nº de matrículas de honra

- De 0 a 29 alumnos e alumnas: 1

- De 30 a 49 alumnos e alumnas: 2

- De 50 a 69 alumnos e alumnas: 3

- E sucesivamente

En caso de empate, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:

Nos acordos adoptados en CCP e aprobados no claustro do 28 de xaneiro de 2015, sobre as matrículas de honra en 4º ESO e 2º de Bacharelato estableceuse o seguinte criterio en caso de necesidade de desempate : En caso de igualdade na nota media de 2º de Bacharelato, se concederá a aquel alumno/a que obteña maior nota media de Bacharelato . En caso de igualdade na nota media de 4º de ESO, se concederá a aquel alumno/a que obteña maior nota media de ESO .

- Esta mención quedará reflectida nos documentos de avaliación do alumnado.

- En caso de reclamación por desacordo con algunha cualificación final e a rectificación, de habela, afectase á obtención desta mención, a xunta de avaliación reuniríase en sesión extraordinaria para revisar a relación.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

1. As programacións didácticas deberán estar rematadas ante do comezo das clases.

2. Para a ESO e o bacharelato, a lexislación vixente establece que os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendados. Esta programación é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de xeito coordinado entre o profesorado integrante de cada departamento.

3. Os diferentes departamentos do IES República Oriental do Uruguía deberán seguir o seguinte protocolo á hora da elaboración das distintas programacións didácticas:

¿ Cada un dos departamentos didácticos deberá elaborar a programación de cada unha das materias ou ámbitos que teña asignados. A xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da súa redacción final.

¿ Os Xefes/as de Departamento entregarán as programacións e/ou as correspondentes modificacións en formato electrónico antes do comezo das actividades lectivas de cada curso escolar ou, no seu caso, dentro do prazo acordado, se fose distinto.

A Xefatura de Estudos do centro comprobará que na programación de cada un dos departamentos figuran os apartados correspondentes (mencionados abaixo). De faltar algún deles, deberá instar ao departamento a completala. Unha vez que a Xefatura de Estudos teña no seu poder todas as programacións completadas e organizadas debidamente, deberá remitir unha copia ao Servizo de Inspección Educativa. No escrito de remisión farase constar expresamente que todas as programacións conteñen os apartados que a normativa vixente contempla.

O cambio de profesorado non debe implicar unha nova programación, senón que todo profesor/a que se incorpore a un departamento debe adaptarse á programación vixente.

Durante os primeiros días de curso o profesorado informará ao alumnado das programacións docentes da súa materia ou ámbito. Esta información básica incluírá os estándares mínimos avaliábeis e os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e cualificación. Así mesmo, a principio de curso o centro dará a coñecer á comunidade educativa as programacións didácticas do no espazo dos departamentos na web oficial do centro.

As programacións didácticas dos cursos pares da ESO e BAC, rexidos polo Decreto 86/2015, incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción e contextualización
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c) Concreción dos obxectivos para o curso.
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de: Temporalización, Grao mínimo de consecución para superar a materia e Procedementos e instrumentos de avaliación
- e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
- h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
- i) Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- j) Procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
- k) Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- l) Medidas de atención á diversidade.
- m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.
(Incluíranse neste apartado as actividades programadas por cada departamento para traballar o tema transversal común que se acorde no claustro cada curso.)
- n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
- o) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Por outra parte, se nalgún dos devanditos apartados a CCP acordase un modelo de programación común, deberá ser empregado por todos os departamentos.

4. A programación didáctica dos cursos impares da ESO e BAC, cuxos currículos están regulados no decreto 156/2022 e 157/2022, será elaborada na aplicación PROENS (<https://www.edu.xunta.gal/proens/>) e constará dos seguintes apartados:

- a) Introducción
- b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave
- c) Relación de unidades didácticas, coa súa secuenciación e temporalización
- d) Metodoloxía
 - a. Concrecións metodolóxicas
 - b. Materiais e recursos didácticos
- e) Avaliación
 - a. Procedemento para a avaliación inicial
 - b. Criterios de calificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou ámbito
 - c. Criterios de recuperación, procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
 - d. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias (só na etapa de BAC)
- f) Medidas de atención á diversidade

g) Transversal

- Concreción dos elementos transversais
- Actividades complementarias

h) Práctica docente

- Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

A partir do próximo curso, na medida en que se aplique o novo currículo nos cursos pares, irase integrando a elaboración das programacións destes no aplicativo PROENS.

A finais de cada curso farase unha avaliación da programación didáctica en xeral, tendo en conta as incidencias mensuais reflectidas nos libros de actas de cada departamento. Para tal efecto cubrirase unha taboa con indicadores de logro a valorar do 1 ao 4 en orde ascendente de éxito, e cos seguintes apartados:

- 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
- 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
- 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
- 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?
- 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas
- 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?
- 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación?
- 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?
- 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?
- 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
- 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
- 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?
- 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?
- 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
- 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?
- 17.- Fixouse para o bacharelato un procedemento de acreditación de coñecementos previos?
- 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.
- 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación
- 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?
- 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?
- 22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?
- 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?
- 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?
- 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?
- 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?
- 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?
- 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?
- 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)
- 30.- Seguiuuse e revisouse a programación ao longo do curso
- 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?
- 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

No artigo 14 (Autonomía dos centros educativos) do decreto 156/2022 do 15 de setembro, indícase claramente que ¿No exercicio da súa autonomía, os centros docentes poderán adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de materias¿.

Toda esta autonomía vese reflexada curso a curso na Programación Xeral Anual, informado o claustro e aprobada polo Consello Escolar e Inspección educativa.

As propostas a desenvolver saen do equipo directivo e do profesorado interesado en desenvolver algún programa educativo de enriquecemento nese curso, nos períodos establecidos pola Consellería que ven poden ser a finais do

curso anterior para o seguinte ou a comezos do curso actual.

Os criterios para a participación do centro en diferentes proxectos , plans e programas están directamente ligados aos obxectivos pedagóxicos reflectidos no PEC, a destacar:

1. Ensinar a pensar.
2. Fomentar o desenvolvemento de habilidades sociais como: a autoestima; o autocontrol; a asertividade; a empatía; a resiliencia; o optimismo, empatía, etc.
3. Promoveva inventiva, a creatividade e a orixinalidade e non a repetición e a rutina.
4. Desenvolver actitudes críticas e autocríticas como un medio de formación persoal.
5. Promover melloras nos métodos de estudo para rendabilizar o tempo dedicado ao mesmo e converter a lectura en algo pracenteiro, potenciando o uso da biblioteca.
6. Impulsar a orientación escolar e profesional dos alumnos.
7. Utilizar a prensa, a radio, a televisión e outros medios de comunicación na aula para fomentar a actitude crítica ante a información en xeral..
8. Fomentar o acceso ás novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)
9. A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
10. A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
11. Fomentar o diálogo e o consenso entre todos os membros da Comunidade Educativa como hábito de relación e medio fundamental de resolver os conflitos.
12. Estimular actitudes solidarias que se concreten en actividades participativas.
13. Promover e fomentar a non discriminación por razón de raza, relixión, ideoloxía, condición psicofísica e socioeconómica, sexo ou opción sexual, a linguaxe e as actitudes non sexistas e manter unha actitude respectuosa coas distintas opcións relixiosas e coas ideoloxías políticas democráticas de todos os membros da Comunidade Escolar.
14. Potenciar hábitos saudables de ocupación do tempo libre facilitando modelos alternativos.
15. Utilizar a contorna como referencia para a aprendizaxe co fin de respectalo e melloralo.
16. Promover o desenvolvemento de actitudes de responsabilidade e de respecto fronte ao patrimonio artístico, histórico, cultural e natural e promover, asemesmo, actitudes de respecto ao medio ambiente
17. Realizar campañas preventivas sobre o consumo de alcol, tabaco e calquera outro tipo de drogas e participar en campañas institucionais de promoción da saúde.
18. A capacitación para a comunicación nas linguas galega e castelá, e nunha ou mais linguas estranxeiras.

Actualmente o IES ROU participa nos diferentes Proxectos e Plans :

- PLAMBE : Plan de mellora de Bibliotecas Escolares , que inclúe o proxecto de Radio Escolar e o proxecto a catro anos ¿2030.UNHA ODISEA NO ROU¿
- EDIXGAL para 1º e 2º de ESO (ampliable para 3º e 4º de ESO).
- STEM BACH : Proxectos de investigación e enriquecemento curricular para alumnado de bacharelato en colaboración coa Universidade.
- Plan Director : Colaboración coa Policía Nacional.
- PROA + : Este é o segundo curso de 3 , potenciando o ámbito lingüístico nas materias. de lingua Castelá e Lingua Galega para alumnado de 3º e 4º de ESO.
- Seccións Bilingües en diferentes materias en todos os cursos da ESO.
- 2 Contratos-Programa INNOVA desenvolvidos polo departamento de Matemáticas.
- Equipo de Dinamización da Lingua Galega ; cos seus Faladoiros e coa revista ROULANDO
- Club de lectura do centro ROULEMOS
- DELF SCOLAIRE dende o Dpto. de Francés.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

1. A concreción curricular debe definir os aspectos e elementos comúns para a concreción dos currículos. É polo tanto, un documento de intervención educativa que establece directrices para a implementación do proceso de ensino e aprendizaxe nas aulas. Trátase dun documento eminentemente pedagóxico que debe establecer estratexias educativas coherentes para o conxunto das etapas educativas que se imparten nun centro docente.

2. A CCP coordinará a súa elaboración e será responsable da súa redacción , dacordo co currículo oficial e coas

propostas realizadas polos departamentos didácticos e as directrices establecidas polo claustro.

3. É o propio Claustro de profesores o órgano encargado de aprobala . Facilitarase unha copia aos membros do Consello Escolar
4. Unha vez aprobada faise pública quedando na secretaría do centro unha copia a disposición de consulta de calquera membro da comunidade educativa que a solicite .
5. É o claustro de profesorado quen establece as orientacións metodolóxicas e de avaliación que se emplearán en cada unha das etapas educativas do centro.
6. As familias, o alumnado e o resto da comunidade educativa soamente participa de forma indirecta na concreción curricular, cando avalía o PEC e propón melloras.
7. A Concreción curricular é a principal ferramenta dos centros docentes para asegurar a coherencia pedagóxica no proceso de ensino e aprendizaxe, pois inclúe as programacións didácticas e estas deben ser coherentes coas orientacións de carácter xeral que se establezan para cada etapa.
8. A Concreción curricular do centro , igual que a labor da actuación docente ou a revisión das programacións , debe ser unha práctica activa , curso a curso a través de cuestionarios de progreso a realizar entre os membros do claustro , táboas de indicadores de logro , etc ¿Estas sucesivas revisións e avaliacións , e as posibles modificacións da concreción curricular de centro deberán de ser anuais , nun claustro extraordinario a convocar , preferiblemente , no terceiro trimestre de cada curso .

TABOA DE INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE (indicadores de logro a valorar do 1 ao 4 en ascendente)

- 1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado
- 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
- 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
- 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
- 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
- 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?
- 5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
- 6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
- 7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?
- 8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?
- 9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?
- 10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?
- 11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?
- 12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?

TABOA DE INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO (indicadores de logro a valorar do 1 ao 4 en ascendente)

- 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
- 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
- 3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?
- 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
- 5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
- 6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?
- 7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?
- 8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?
- 9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
- 10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
- 11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?
- 12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?

o) Outros apartados